


[Volver ao contido](#)

## Doazón do fondo José Villaverde Velo

 7/02/12 | Actualidade: [Novas](#)
[Imprimir](#) Doazón do fondo José Villaverde Velo

O día 29 de xuño de 2011 tivo lugar, no salón de actos da Academia, a doazón do importante legado documental do histórico líder anarcosindicalista José Villaverde Velo, asasinado en 1936.



Dionisio Pereira mostra un exemplar de *Solidaridad Obrera*.

Coa presenza emocionada das súas fillas, Olga e Mari Luz Villaverde Otero, responsables da conservación deste valioso arquivo documental durante os longos anos da ditadura franquista, fíxose acto de entrega do mesmo á Academia. O historiador do movemento obreiro galego, Dionisio Pereira, foi o encargado de ilustrar ao público na figura do destacado dirixente anarquista: José Villaverde Velo naceu en Santiago de Compostela no ano 1894 e foi asasinado en Arteixo o 24 de setembro de 1936. Ebanista de profesión, integrouse moi pronto no movemento obreiro organizado, primeiro na UXT e, máis tarde, na CNT, da que foi elixido Secretario da Confederación Rexional Galaica en 1931, que acadaría un importante medre baixo a súa dirección.

Entre os arquivos legados constan, ademais dunha extensa colección fotográfica, un amplo repertorio do xornal *Solidaridad Obrera*, do que Villaverde foi director e colaborador asiduo, que constitúe o fondo mais completo deste xornal conservado hoxe en día. O acto foi presidido por Xosé Luís Méndez Ferrín, que lles agradeceu ás herdeiras do líder sindical a súa xenerosa contribución e salientou a longa tradición de colaboración "subterránea" entre o nacionalismo galego e o anarquismo.

[«Volver](#)

### Categorías:

[actos](#) | [comunicados](#) | [día das letras](#) | [doazóns](#) | [efemérides](#) | [lingua](#) | [novidades](#) |




DICCIONARIO




### Axenda de actos

Neste momento non hai eventos programados.



**Boletín nº 371**  
O *Boletín da Real Academia Galega* chega ao número 371. Pode descargarse directamente [aquí](#) [3,4 Mb]



**Cadernos de Lingua nº 33**  
PDF completo do último *Caderno* editado [3.6 Mb]

**NORMAS**  
ORTOGRÁFICAS E  
MORFOLÓXICAS DO  
IDIOMA GALEGO

*Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*  
As *Normas* poden descargarse directamente [aquí](#) [4,9 Mb]



# REAL ACADEMIA GALEGA

[Inicio](#) [Mapa web](#) [Aviso legal](#) [Contacto](#) 

No caso de uso de Internet Explorer está recomendada unha versión 8 ou superior.  
Deseño: Barro Salgado Santana (Grupo Revisión)